



Concepto de unidade familiar

NO CASO DE MATRIMONIO	EN AUSENCIA DE MATRIMONIO OU SEPARACIÓN LEGAL
Cónxuxes + fillos menores + fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente	Pai ou nai + fillos menores que convivan co solicitante + fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente e que convivan co solicitante.

POLO TANTO:

- Calquera outra agrupación familiar non constitúe unidade familiar.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realízase atendendo a situación existente o día 31 de decembro do 2014. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar coma tampouco o membro que falecera durante ese período
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con grada e custodia compartida.

Renda familiar anual

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Casiña 430 + casiña 445 – casiña 589

A Consellería pon a disposición das familias unha aplicación para facilitar o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores en idade escolar, www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp

Sumarase as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar.

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman para da unidade familiar.

Se solicitado o borrador é AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios deberase sumar a base imponible xeral (430) coa base imponible de aforro (445) e restaranse os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos á conta efectuados.

ACLARACIÓNS:



- *Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar declaración: a obtención do importe da renda resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro que presentara declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante, dos datos do borrador do IRPF agás os datos que figuren na casiña 589 correspondente á cuota resultante da autoliquidación. Se non se dispón de borrador deberase solicitar un certificado de imputación de rendas e sumarse os rendementos íntegros e restarse os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos a conta efectuados.*

- *Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración ou cando non perciban renda ningunha suxeita a tributación: deberase consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que o especificado no apartado anterior.*